

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

5238 *Real decreto lei 4/2009, do 29 de marzo, polo que se autoriza a concesión de garantías derivadas do financiamento que poida outorgar o Banco de España a favor de Caja de Ahorros de Castilla-La Mancha.*

O Banco de España comunicou ao ministro de Economía e Facenda que a Caja de Ahorros de Castilla-La Mancha require a provisión dun financiamento extraordinario para superar as súas dificultades transitorias de liquidez e así posibilitar o mantemento da súa operativa e o cumprimento de todas as súas obrigas fronte a depositantes e acredores en xeral.

Co fin de que o Banco de España poida outorgar á citada entidade o financiamento requirido, este real decreto lei autoriza a concesión de avais da Administración xeral do Estado para garantir ao Banco de España as obrigas económicas derivadas do citado financiamento.

A concesión da citada garantía é coherente co disposto no artigo 101 do Tratado da Comunidade Europea e coas funcións encomendadas ao Tesouro Público pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, entre as cales se encontran as de contribuír ao bo funcionamento do sistema financeiro nacional e responder dos avais contraídos polo Estado segundo as disposicións establecidas legalmente.

O importe das garantías que se outorgarán ao abeiro deste real decreto lei imputaranse ao límite orzamentario a que fai referencia o punto un do artigo 54 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009.

Tamén se dispón que, en caso da eventual execución das garantías, o Fondo de Garantía de Depósitos en Caixas de Aforro reembolsará ao Tesouro Público a contía que resulte de lle aplicar á cantidade que este lle deberá satisfacer ao Banco de España a porcentaxe que representen, no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, os depósitos garantidos polo Fondo sobre as obrigas exixibles da entidade.

No marco das competencias que se asignan ao Banco de España na Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención de entidades de crédito, aquel acordou, con data do 28 de marzo de 2009, a substitución provisional de administradores da entidade Caja de Ahorros de Castilla-La Mancha.

Os requisitos de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a aprobación deste real decreto lei derivan da inmediata necesidade de asegurar que a entidade estea en condicións de seguir cumprindo todas as súas obrigas fronte a depositantes e acredores.

En virtude do anterior, e por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de marzo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. Autorización do outorgamento de garantías derivadas do financiamento que poida outorgar o Banco de España a favor de Caja de Ahorros de Castilla-La Mancha.

Co fin de cumprir co exercicio das funcións encomendadas ao Tesouro Público, no artigo 91d) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e de conformidade co disposto nos seus artigos 113 a 116, autorízase a Administración xeral do Estado para avalar durante o exercicio 2009 por un importe máximo de 9.000 millóns de euros en garantía das obrigas derivadas dos financiamientos que lle poida outorgar o Banco de España á Caja de Ahorros de Castilla-La Mancha.

Artigo 2. *Imputación das garantías.*

As garantías que se concederán ao abeiro deste real decreto lei estarán comprendidas dentro do límite a que fai referencia o punto un do artigo 54 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009.

Artigo 3. *Formalización do aval.*

O ministro de Economía e Facenda acordará o outorgamento das garantías e fixará as súas condicións particulares dentro dos límites establecidos neste real decreto lei.

Artigo 4. *Obrigas do Fondo de Garantía de Depósitos en Caixas de Aforro.*

En caso de execución das garantías a que se refire este real decreto lei, o Fondo de Garantía de Depósitos en Caixas de Aforro reembolsará ao Tesouro Público a contía que resulte de lle aplicar á cantidade que deberá satisfacer o Tesouro Público ao Banco de España a porcentaxe que representen, na data de entrada en vigor deste real decreto lei, os depósitos garantidos polo Fondo sobre as obrigas exhibibles da entidade.

Disposición adicional única. *Xestión de pagamentos polo Tesouro.*

No caso da eventual execución do aval a que se refire este real decreto lei, autorízase a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para que poida efectuar os pagamentos correspondentes ás obrigas garantidas mediante operacións de tesouraría con cargo ao concepto específico que se fixe para tal fin. Con posterioridade á súa realización, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación definitiva ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio, salvo os efectuados no mes de decembro, que se aplicarán ao orzamento no primeiro trimestre do seguinte ano.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as normas que resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de marzo de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO